

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezoito horas e trinta minutos do día vinte e cinco de febreiro de 2009, segundo horario fixado por Resolución da Alcaldía de data 23 de febreiro de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor e don José Venancio Salcines Cristal.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; e dona M^a Jesús González Roel, do PP.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

Antes de comezar cos asuntos incluídos na orde do día da comisión informativa, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, agradece ao Sr. alcalde e aos demais membros das comisións informativas o cambio de horario para o comezo desta sesión.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,

FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009

A secretaria da corporación manifesta que, debido a un erro, na acta da sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009, faise constar a asistencia da interventora municipal, dona M^a Irache Enríquez Albaina, que non asistiu á citada sesión.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou os borradores correspondentes ás sesións que se relacionan, coa modificación proposta pola secretaria á acta da sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009.

2º Proposta de aprobación de tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, e do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 19 de febreiro actual.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, manifesta que, como consecuencia dunha nova concesión do programa, variáanse á baixa as tarifas debido a que a empresa baixou os prezos.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pregunta quen pode acceder, pois do baremo parece deducirse que se nunha familia con tres membros, onde traballa un so, si poderían acceder, noutra familia na que traballaran os dous pais, se pasan de 1.800 € non terían dereito ningún.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o programa está aberto a todos, dereito ten todo o mundo, o que hai son preferencias para as subvencións que concede o concello, e sempre para as familias de rendas máis baixas. Despois, pagando, se teñen rendas máis altas, teñen dereito sempre que haxa prazas no correspondente centro.

Don Felipe Andreu Barallobre insiste en que se hai unha familia na que os dous pais cobran 900 € cada un, non terían dereito aínda que pagasen o 100%.

Don Jaime Manuel López Lisnier volve dicir que o dereito téñeno, pero sempre e cando haxa prazas no centro. Na alegación o problema a que se alude é que, en calquera momento durante o curso, se unha persoa empeza a traballar, quere que ao día seguinte poida deixar ao neno no “mañanceiro”, pero o que ocorre é que, se nese momento non hai prazas, non se pode incluír ao neno no programa.

Don Felipe Andreu Barallobre di que lle parece inxusto que a igual renda per cápita, teña máis dereito unha familia cun membro traballando, que unha na que estean os dous traballando, habería que facer unha modificación do baremo.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o 99% dos que levan o neno ao “mañanceiro” é porque non hai ninguén na casa, ninguén levanta por gusto a un neno ás 7 da mañá para levalo ao “mañanceiro”.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, expón que hai pouco que se trouxo ao pleno a modificación da ordenanza, e habería que ter dito isto antes. Pregunta pola diferenza na conceptualización do prezo.

A interventora municipal contesta que considera que é un prezo privado, é un servizo que se pode equiparar á gardería, non hai un monopolio da administración, e, para efectos prácticos, non están tan regulados por lei, pódense cobrar por parte do concesionario sen que iso figure no orzamento municipal. Conclúe dicindo que, para efectos prácticos, é a posibilidade de cobro directo polo concesionario, e que non se inclúen no orzamento municipal.

Concedida novamente a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, segue dicindo que agora non é o momento de facer esa alegación. É un tema de filosofía, é independente da renda, depende do diñeiro que teña dispoñible o concello. O ideal sería dar ao 100% dos nenos dos colexios estes servizos, e a quen o necesite tampouco se lles pode excluír polo nivel de renda. A educación está recollida na Constitución, aínda que os servizos complementarios non.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, expón que a alegación está fundamentada, e deberían buscarse fórmulas para que, por motivo da baremación, se exclúa a determinadas familias. Pide que, nun futuro, se teña en conta e se modifique a ordenanza.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PG), pregunta se en todos os colexios se vai a subvencionar a tres nenos como máximo, pois ao mellor, nun centro non é necesario subvencionar a tres, senón a menos, e noutro é necesario subvencionar a máis.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que se subvenciona a tres nenos, como máximo por centro. Segue dicindo que o programa mañanceiro púsose en marcha pensando en que os nenos quedan na casa sen que ninguén os poida coidar, esa era a filosofía. Quizais non se contemplou nese momento, poñer na baremación que terían preferencia cando traballaran

os dous membros da familia. A suxestión fíxose por un caso especial e tratábase dun centro no que tiñan todas as prazas completas. Xurdiu a posteriori da presentación de instancias, non porque tivera menos puntos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que o “mañanceiro” é unha medida de conciliación, pero non se pode primar que estean os dous traballando ou que estea un no paro, e tamén hai unha cuestión de filosofía. Un dos problemas é que as familias tiñan que ter aos nenos en colexios privados, porque son os que dan estes servizos e a intención era involucrase dende o concello, pero niso ao mellor non está todo o mundo de acordo.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstense o concelleiro do PP.

A comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as seguintes tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre:

	Centros de 1,5 h (Prezo en euros)	Centros de 2 h (Prezo en euros)	Centros de 2,5 h (Prezo en euros)	Almorzo (Prezo en euros)
Mes completo	75,00 con almorzo 50,00 sen almorzo	88,00 con almorzo 63,00 sen almorzo	96,00 con almorzo 71,00 sen almorzo	25,00
Días soltos	3,50 con almorzo 2,20 sen almorzo	4,00 con almorzo 2,70 sen almorzo	4,50 con almorzo 3,20 sen almorzo	1,30

O Concello de Cambre aboará sobre o importe da tarifa, como regra xeral, o 45% do custo por alumno e o 55% restante, aboarase directamente ao adxudicatario polos usuarios mediante o pago da correspondente tarifa.

Así mesmo, serán de aplicación as seguintes reducións:

1º.- Os escolares participantes que con base na seguinte baremación sumen 4 puntos ou máis terán un desconto do 30% sobre a cota xeral:

BAREMACIÓN:

A) Con base nos ingresos económicos, segundo a renda “per cápita” mensual e en relación ao número de fillos que soliciten o programa:

RENDA “PER CÁPITA” MENSUAL	1	2	3 ou máis
276,30 euros	3 puntos	4 puntos	5 puntos
276,30-367,88 euros	2 puntos	3 puntos	4 puntos
367,88-613,12 euros	1 punto	2 puntos	3 puntos
613,12-858,37 euros	0 puntos	0 puntos	1 punto

B) Por ser familia monoparental: 3 puntos.

2º.- Así mesmo, o Concello de Cambre custeará o 100% do importe da tarifa de tres alumnos por centro, tras un informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre.

3º.- No caso de familia numerosa aplicarase un 50% de desconto sobre a tarifa correspondente a cada un dos participantes, para o cal a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia do título de familia numerosa.

Prevalecerá a redución de maior contía naqueles casos nos que ao solicitante se lle poida aplicar varios descontos.

Segundo: Publicar as tarifas aprobadas para xeral coñecemento.

3º Proposta de modificación dos acordos adoptados polo pleno da corporación de datas 30 de agosto de 2007 e 24 de abril de 2008, respecto da constitución da Mesa de Contratación

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro actual.

A comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol, correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, PP, EU-IU e GM (PG), coa abstención do concelleiro do BNG, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 161 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 295 da antedita Lei 30/2007.

Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: o señor alcalde, don Antonio Varela Saavedra, ou no seu lugar, o concelleiro/a da corporación no que delegue.

- Vogais:

1.- O concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego don José Venancio Salcines Cristal, e como suplente o concelleiro-delegado de Educación, Xuventude e Deportes don Jaime Manuel López Lisnier.

2.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, dona Beatriz Ramos Padín, e como suplente, a concelleira delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay.

3.- O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Santiago Manuel Rios Rama, e, como suplente, o concelleiro do PP don Nicolás José Cubeiro Martínez.

4.- O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, e, como suplente, o concelleiro do BNG don Antón Otero Domínguez.

5.- O voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida-Izquierda Unida, don Luis Miguel Taibo Casás, e, como suplente, o concelleiro de EU-IU don Juan Antonio Fernández López.

6.- O voceiro do grupo mixto (Partido Galeguista), don Manuel Marante Gómez.

7.- A secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M^a Fernanda Montero Carré.

8.- A interventora da Corporación, dona M^a Irache Enríquez Albaina, e, como suplente, a técnica de xestión económica dona Isabel M^a Fuentes Torices.

9.- O técnico municipal de superior rango da sección que corresponda segundo a obra, servizo ou subministración de que se trate, ou funcionario/a da mesma sección no que delegue.

- Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M^a Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M^a de los Ángeles Gutiérrez Sánchez.

Terceiro: Publíquese o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

4º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO

AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009

A secretaria da corporación manifesta que, debido a un erro, na acta da sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009, faise constar a asistencia da interventora municipal, dona M^a Irache Enríquez Albaina, que non asistiu á citada sesión.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou os borradores correspondentes ás sesións que se relacionan, coa modificación proposta pola secretaria á acta da sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009.

2º Aprobación definitiva de modificación do Plan Parcial do Solo Apto para urbanizar residencial de baixa densidade n.º 8, situado en Quintán, Cecebre

Visto el expediente incoado a instancia de Promociones Pena Mayor 2000, S.L., con domicilio na rúa Juan Montes núm. 1, 2º Lugo.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 26 de decembro de 2008.

A comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol, correspondente ao concelleiro do PSdeG-PSOE, e catro abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, BNG, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar definitivamente a modificación do Plan Parcial do Solo Apto para urbanizar residencial de baixa densidade 8 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre, situado en Quintán- Cecebre, no referente ás aliñacións das vivendas con fronte á estrada autonómica AC-221, promovida por Promociones Pena Mayor, S.L., e elaborada polo arquitecto don Ramón P. Quiroga Álvarez.

Segundo: Publicar este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro: Comunicar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a aprobación definitiva e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do modificado do Plan Parcial aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 92.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1759 o 21 de febreiro actual, xunto coas preguntas ás demais comisións informativas.

1º Tendo en conta que no lugar onde está situada a praza Enrique Piñeiro existía unha cabina telefónica e como consecuencia das obras foi retirada, veciños/as e usuarios manifestaron ao noso grupo queixas pola eliminación do servizo.

Pregamos se nos informe dos motivos da súa eliminación.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que non ten nin idea de por que non foi repostada, pero como na praza Manuel Murguía xa había unha, pedirase que se poñan as dúas.

2º O noso grupo ten observado as dificultades de aparcamento existentes no centro da vila, onde existen diversos locais comerciais e varias entidades bancarias. Esta situación vese agravada para as persoas con certa discapacidade que precisan un vehículo para desprazarse.

O noso grupo municipal prega que se faga un estudo para habilitar máis prazas de aparcamento para vehículos de persoas discapacitadas no centro de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que se acepta o rogo.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1759 o 21 de febreiro actual, xunto coas preguntas ás demais comisións informativas.

1ª Que información ten a concelleira responsable respecto da instalación dun espello de seguridade na saída do campo da feira, solicitado polo noso grupo con anterioridade?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que, segundo a Policía Local, a mellor opción é quitar o mirto e colocar o espello no muro do parque da igrexa.

2ª Xa foron varias as iniciativas presentadas en distintos plenos e comisións sobre o estado do saneamento en Anceis e San Lourenzo. Ante a incerteza e preocupación dos veciños/as para facer uso do servizo:

Pode informarnos o goberno local en que fase se atopan as obras e para cando está previsto o seu remate e posterior uso?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que as obras as levaba a empresa Indeza, non houbo acordo, e estase estudando a posibilidade de rescindir o contrato. O director de obra está facendo os informes, e despois verase se o pode facer a seguinte empresa que participou na poxa.

3ª O camiño que discorre entre o lugar da Torre na parroquia de San Lourenzo, e Seoane en Anceis, encóntrase nunha situación lamentable para o seu uso e servizo, sobre todo para a circulación rodada.

Para cando pensa o goberno local reparar o dito camiño?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que se podería meter nos orzamentos do 2009, pero prefire que lle localice ben o camiño.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que non hai problema ningún.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009

A secretaria da corporación manifesta que, debido a un erro, na acta da sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009, faise constar a asistencia da interventora municipal, dona M^a Irache Enríquez Albaina, que non asistiu á citada sesión.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou os borradores correspondentes ás sesións que se relacionan, coa modificación proposta pola secretaria á acta da sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2009.

2º Proposta de aprobación de tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, e do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 19 de febreiro actual.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstense o concelleiro do PP.

A comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as seguintes tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre:

	Centros de 1,5 h (Prezo en euros)	Centros de 2 h (Prezo en euros)	Centros de 2,5 h (Prezo en euros)	Almorzo (Prezo en euros)
Mes completo	75,00 con almorzo 50,00 sen almorzo	88,00 con almorzo 63,00 sen almorzo	96,00 con almorzo 71,00 sen almorzo	25,00
Días soltos	3,50 con almorzo 2,20 sen almorzo	4,00 con almorzo 2,70 sen almorzo	4,50 con almorzo 3,20 sen almorzo	1,30

O Concello de Cambre aboará sobre o importe da tarifa, como regra xeral, o 45% do custo por alumno e o 55% restante, aboarase directamente ao adxudicatario polos usuarios mediante o pago da correspondente tarifa.

Así mesmo, serán de aplicación as seguintes reducións:

1º.- Os escolares participantes que con base na seguinte baremación sumen 4 puntos ou máis terán un desconto do 30% sobre a cota xeral:

BAREMACIÓN:

A) Con base nos ingresos económicos, segundo a renda “per cápita” mensual e en relación ao número de fillos que soliciten o programa:

RENDA “PER CÁPITA” MENSUAL	1	2	3 ou máis
276,30 euros	3 puntos	4 puntos	5 puntos
276,30-367,88 euros	2 puntos	3 puntos	4 puntos
367,88-613,12 euros	1 punto	2 puntos	3 puntos
613,12-858,37 euros	0 puntos	0 puntos	1 punto

B) Por ser familia monoparental: 3 puntos.

2º.- Así mesmo, o Concello de Cambre custeará o 100% do importe da tarifa de tres alumnos por centro, tras un informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre.

3º.- No caso de familia numerosa aplicarase un 50% de desconto sobre a tarifa correspondente a cada un dos participantes, para o cal a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia do título de familia numerosa.

Prevalecerá a redución de maior contía naqueles casos nos que ao solicitante se lle poida aplicar varios descontos.

Segundo: Publicar as tarifas aprobadas para xeral coñecemento.

3º Alegacións á modificación da ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no programa “Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes

Dada conta do escrito de suxestións presentado por dona María José Núñez Maceira, rexistrado de entrada ao núm. 169 o 9 de xaneiro de 2009, á aprobación polo pleno da corporación en sesión ordinaria de data 28 de agosto de 2008, con carácter inicial, da modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no programa “Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes.

Visto o informe-proposta emitido pola animadora deportiva, co conforme da secretaria xeral, de data 19 de febreiro actual.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, di o mesmo que na anterior comisión, a segunda alegación habería que aprobala, que non se prime ás familias onde traballan os dous membros.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, contesta que non se prima nin o traballo de dous membros nin de ningún.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, responde que no caso da persoa que presenta a alegación, non concorreu no seu día á solicitude de prazas, polo que tampouco quedou fóra, e pregunta que se só hai 50 prazas, e agora o solicita unha persoa a maiores, habería que aceptar a solicitude? Conclúe dicindo que, neste momento, non quedou ninguén fóra.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que xa se di que, con carácter excepcional, se poderán ter en conta estas circunstancias.

Don Jaime Manuel López Lisnier engade que en Brexo-Lema sobraron 25 prazas, e déronse a Cambre, pero o que non se pode facer é ampliar as prazas, o que fai o concello é sacar un número de prazas.

Don Felipe Andreu Barallobre volve a insistir en que se debería de primar ás familias en que traballen dúas persoas, aínda á conta das familias en que traballe unha.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o 99% das persoas que o solicitaron e entraron están, precisamente, nese caso. Pode que haxa entrado algún cando hai prazas sobrantas, e non se exclúe a unha familia na que traballan todos os membros por ese motivo. Esta reclamación foi a posteriori.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que o feito de que non haxa prazas para un servizo público é unha cuestión que ten que resolver quen goberna.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, expón que o informe en si non é desfavorable, o primeiro punto acéptase, o das prazas tamén, e, en canto a esta última parte, piden que, se hai demanda, poidan acceder independentemente da renda per cápita da familia.

Don Jaime Manuel López Lisnier conclúe dicindo que, respecto da terceira alegación, é imposible, e en canto ao demais, o problema da familia xurdiu cando xa tiña pasado o prazo para a solicitude.

A comisión, en votación ordinaria, por tres votos a prol, correspondentes ao concelleiro do PSdeG-PSOE, á concelleira do BNG e ao concelleiro de EU-IU, coa abstención da concelleira do PP e do concelleiro do GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aceptar a suxestión presentada por D^a María José Núñez Maceira á Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes, respecto a incluír na ordenanza a preferencia dos alumnos/as que soliciten o programa en mes completo sobre os que o soliciten en días soltos no “art.2.- Prestación dos servizos”, motivado en que o mínimo de alumnos/as establecido aseguren así uns ingresos determinados que amorticen os gastos da empresa, e modificar o artigo 2.3 na redacción aprobada inicialmente na sesión do 28 de agosto de 2008 que quedará

redactado como se transcribe a continuación, permanecendo o resto do articulado coa redacción aprobada o 28 de agosto de 2008.

“Art.2.- Prestación dos servizos.

3.- O número de alumnos/ as por grupo en cada centro será unha media de 13 como mínimo, que soliciten o servizo (con ou sen modalidade de almorzo) para o mes completo para todo o curso e tendo preferencia sobre os que o soliciten en días soltos, e o número máximo de 26. Non obstante, se nun centro houbera máis demanda, e existiran posibilidades económicas por non levarse a cabo o programa nalgún centro dos previstos, poderíase aumentar este número máximo de alumnos.”

Segundo: Rexeitar as suxestións presentadas por D^a María José Núñez Maceira á Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes, respecto a:

- Que “se contemple a posibilidade con carácter excepcional de que aqueles solicitantes que non acaden a puntuación na fase de baremación para ser admitidos no programa e acrediten debidamente a súa imposibilidade de acercar o neno ao centro escolar no horario lectivo, poidan ser incluídos no programa mañanceiro sen dereito a subvención e pagando a totalidade do custo do servizo”, motivado pola imposibilidade de espazos reais nos centros escolares e por motivos económicos tendo en conta o contrato en vigor.

- Á redución do prazo de inscrición no programa, motivado pola conveniencia de manter o prazo xa que segundo a Orde de 17 de marzo de 2007, publicada no DOGA nº 55 con data luns 19 de marzo de 2007, establécese que o prazo de formalización de matrícula remata o 30 de xuño para o alumnado de educación infantil e primaria de nova inclusión, sendo necesario o prazo de solicitude no programa Mañanceiro ata o 15 de xullo para que as familias poidan inscribir aos seus fillos/as nel.

Terceiro: Elevar a definitivo o acordo adoptado con carácter provisional en data 28 de agosto de 2008, coa modificación do artigo 2.3 segundo a redacción contida no apartado primeiro do presente acordo.

Cuarto: A teor do establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publíquense os anteriores acordos e o texto íntegro da modificación da ordenanza.

4º Rogos e preguntas

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1759 o 21 de febreiro actual, xunto coas preguntas ás demais comisións informativas.

1ª Recentemente saía publicado nos medios de comunicación o traslado de dependencias situadas no edificio do centro de saúde de Cambre á casa modernista de Arrigada, co fin de liberar espazos para unha maior dotación dos servizos sanitarios.

Que información ten a concelleira responsable sobre o tema?

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que ata o momento non hai tomada ningunha determinación. Descoñece a información dada pola prensa. Teñen a intención de liberar espazo para o centro de saúde, pero non é fácil trasladar unha biblioteca ou unha sala de exposicións.

Ao mellor, engade, pode ir para Arrigada unha exposición permanente para os cadros do certame de pintura, pero non hai ningunha decisión tomada, e tampouco viu a noticia publicada na prensa. Desaloxar só a sala de exposicións non sería suficiente. Si se falou de facer unha exposición permanente dos cadros do certame de pintura, pero non se decidiu nada.

2ª Segundo nos comentaron algúns veciños e nós mesmos puidemos comprobar en repetidas ocasións, os servizos de saúde do Temple e Cambre son insuficientes para dar atendido a todos os usuarios que así o necesiten. A demanda vese amplamente superada pola oferta existente.

Tampouco podemos esquecer o servizo de urxencias cos continuos descontentos das persoas en ambos centros, etc.

Ante isto o noso grupo municipal pregunta:

Ten información o grupo de goberno desta situación? Cales son as medidas que ten pensado adoptar para intentar mellorar a situación sanitaria no concello?

O Sr. alcalde contesta que, de momento, non teñen información de que haxa un funcionamento irregular no centro de saúde, en palabras do coordinador do centro de saúde, si é necesario amplialo, pero en si, non hai queixas.

Don Juan Antonio Fernández López contesta que pode ser que non haxa denuncias concretas, pero todos poden falar dos problemas que hai en urxencias, das listas de espera, polo que lles gustaría dar un toque para que os responsables fagan o máximo posible para intentar subsanar estes problemas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, engade que non se refiren ao mal funcionamento en canto ao persoal docente, senón ao atraso, á falta de persoal e ao problema de espazo.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia